



RESUMO DA XUNTANZA DA PERMANENTE DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE PONTEVEDRA CO XEFE TERRITORIAL DA CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN, CELEBRADA O MÉRCORES DÍA 8 DE FEBREIRO DE 2017 NO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE CAMPOLONGO.

Asisten representantes de ANPE, CIG, CCOO, FETE-UGT e STEG (ausencia do CSIF). Pola Administración, o Xefe Territorial, o Xefe do Servizo Xurídico (que fai as veces de Secretario) e o Inspector Xefe.

Comeza a xuntanza ás 10.15 horas. Dado que o XT ten na axenda outras actividades a partir das 11.30 horas, déixase para o final a negociación dalgunhas vacantes de CXT e trátanse primeiro con el outras cuestións.

Engádense unhas correccións por parte de CIG aos puntos 2 e 3.4. da acta da reunión anterior.

Coméntanse os destrozos en centros por causa do temporal pasado. Hai 53 centros afectados na provincia e calcúlase un montante de medio millón de euros aproximadamente para facer fronte aos arranxos necesarios. Os desperfectos máis graves producíronse en centros como As Solanas, Pazo da Mercede, IES M^a Soliño, IES Aller Ulloa, IES Chan do Monte, IES de Poio, San Salvador de Teis e Rosalía de Castro.

Infórmase de que o concello de Vigo xa concedeu licenza para as obras de ampliación do IES de Teis. A Unidade Técnica planificará as obras. Serán inevitábeis algunhas molestias polas obras no curso que vén.

Denúnciase que o equipamento da FP Básica do IES de As Neves aínda non chegou ao centro. O XT toma nota e procurará axilizar a entrega dese material.

Colócase o problema xurdido coa adscrición do CEIP Castelao ao IES de Valadares en Vigo. Demándase do XT unha nova zonificación global de Vigo, para que teñan coherencia os cambios de adscrición que se realizan. O XT comenta que se lle colocou a opción de retirarlle bacharelatos ao IES Santa Irene e ao San Tomé de Freixeiro, pero que el non está conforme con esa alternativa. A adscrición ao IES Valadares e non ao de Beade fíxose por razóns de proximidade, pois coa circunvalación é menor o tempo necesario para transportar a un centro que ao outro. No IES A. Bóveda os problemas de masificación eran moi serios (no curso anterior houbo 43 repetidores en 1^a da ESO, sen ir máis lonxe).

Fálase tamén da zonificación de Pontevedra. A proposta elaborada será debatida, como é preceptivo, o xoves día 16 de febreiro ás 18.30 horas no Consello Escolar Municipal de Pontevedra, pois non se pode adiar máis a entrada en vigor desa proposta se é que se quere implementar para o vindeiro curso.

Coméntase que se suspenderon as actividades lectivas no IES Chan do Monte para o alumnado durante dous días, para evitar riscos durante a realización das obras de arranxo dos desperfectos causados polo temporal, mais non así para o profesorado, que tivo que permanecer no centro no seu horario. O XT considera xustificada a diferenciación porque o edificio onde permaneceu o profesorado estaba libre de perigo.

Ao fío dunha agresión a unha profesora no CEE Saladino Cortizo, STEG pregunta se non debería haber un plus de perigosidade recoñecido para todo o profesorado que imparte docencia nese tipo de centros e a un alumnado con determinado perfil conflictivo. O XT resposta que a clave está máis ben nos técnicos coidadores e na súa capacitación.

STEG tamén se interesa pola normativa que debe saír no DOG sobre os contidos da materia de Lingua Galega e Literatura nas PP.AA.UU. Unha circular do coordinador desa área sinala que na Consellaría se dá por “inminente” esa saída no DOG mais van pasando días e semanas e o citado texto non acaba de saír publicado.

STEG pregunta pola situación que afecta aos colexios de Chapela-Redondela afectados polas obras de ampliación da autoestrada. O XT contesta que lle parece que AUDASA xa comprou os terreos necesarios para a construción dun novo colexio e que xa solicitou a licenza municipal de obra, pero que en todo caso este é un asunto que leva a Secretaría Xeral Técnica da Consellaría e non a Delegación Territorial. STEG considera que, con todo e con iso, o XT debería demandar información puntual a esa Secretaría Xeral sobre a marcha das xestións e mesmo contactar directamente desde a Xefatura coa empresa Audasa para coñecer ao detalle a planificación e os prazos que manexa nese sentido.

Pregúntaselle se a Consellaría recorreu ou non a sentenza sobre PES de Música nos Conservatorios e cal é a previsión que manexa a Consellaría sobre ese particular. O XT comprométese a dar resposta nunha vindeira xuntanza e a explicar cal é o criterio que vai seguir a Consellaría.

O XT abandona a xuntanza, que continúa coa negociación de vacantes reclamadas desde a Permanente da Xunta de Persoal para o CXT co Inspector Xefe.

Non se concede o 2º PT para o IES Ricardo Mella de Vigo. Solicítase á Consellaría co visto bo de Inspección un AL para o colexio de Armenteira e un de Primaria para o plurilingüe de Nantes (Sanxenxo). Non haberá vacantes de Inglés, Bioloxía nin Xeoloxía no IES Monte da Vila (Ogrove). Non se cubrirá a xubilación de Matemáticas no IES Aller Ulloa de Lalín. A xubilación no centro de Teis-Frián cubrirase no CADP. Non saen vacantes de Lingua Galega nin Inglés no IES Santa Irene de Vigo. Tampouco as de Matemáticas e Xeografía e Historia do IES Valadares.

“Decaen” asemade as vacantes provisoriamente anunciadas de Caldas (Orientación), IES Francisco Asorei de Cambados (Francés), CEIP A Laxe (Inglés e Francés), Nosa Sra. Do Carme (1 de apoio Infantil), Marín (1 AL), Cruz-Budiño (1 de Francés), CPI da Ribeira (1), Curros Enríquez (1), CIFP Manuel Antonio (Protésico e Produtos Alimentares), IES do Castro (o centro non é plurilingüe, polo que non se pode ofertar praza con perfil bilingüe no CXT), Colexio do Pombal (só hai matrícula para 1 de Infantil), Rúa Aragón (son 2 de catálogo pero hai só 19 alumnos/as, polo que se opta pola prudencia e non se saca vacante definitiva). Non se sacará vacante de Equipos Electrónicos no CIFP A Xunqueira de Pontevedra nin 1 de Música no colexio San Xoán Bautista. Tampouco se darán definitivas de ciclos de FP Básica no Carlos Oroza de Pontevedra. En A Xunqueira sácase só 1 vacante de Intervención Socio-Comunitaria. Tampouco se cubrirán as demandas de 1 Matemáticas, 1 LG e 1 LC do IES 1º de Marzo de Baiona.

No apartado de Varios, criticase que algunhas inspectoras e inspectores estean enviando aos centros circulares xenéricas falando de “defectos” nas programacións didácticas sen especificar a que departamentos concretos correspondería facer a corrección correspondente. Tamén se fai referencia ao desequilibrio resultante da aplicación da LOMCE no reparto entre idioma galego e idioma castelán. O IX considera que son moi escasas as incidencias nese sentido e recorda que sde pode facer comprobación do reparto en cada centro através do DOC. Se se detectan irregularidades pódense denunciar.

Lémbraeselle a queixa de que no XADE continúa a non estar dispoñíbel o informe 986 de matrícula do alumnado e pídeselle que axilice a corrección desa eiva.

E non habendo máis temas que tratar, levantouse a reunión sendo as 11.50 horas.